

# **PROGRAMACIÓN                    Actividades                    extraescolares                    e** **complementarias**

## **Sumario**

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. OBXECTIVOS XERAIS.....	2
3. CONTIDOS.....	2
3.1. Actividades Puntuais.....	3
3.2. Concursos.....	4
3.3. Actividades do centro e do propio Departamento de Actividades Extraescolares.....	4
3.4.- Actividades dos restantes Departamentos.....	5
I.Biblioteca – Investigación e tratamento da información.....	5
II.Departamento de Lingua Castelá e literatura.....	6
III.Departamento de Lingua Galega e Literatura.....	6
IV.Departamento de Inglés.....	6
V.Departamento de Francés.....	6
VI.Departamento de Latín, Grego e Cultura Clásica.....	6
VII.Departamento de Matemáticas.....	7
VIII.Departamento de Tecnoloxía.....	7
IX.Departamento de Música.....	7
X.Departamento de Bioloxía.....	7
XI.Departamento de Relixión.....	8
XII.Departamento de Xeografía e Historia.....	8
XIII.Departamento de Orientación.....	8
XIV.Departamento de Educación Física.....	8
XV.Departamento de Filosofía.....	8
XVI.Departamento de Física e Química.....	8
XVII.Departamento de Economía.....	9
XVIII.Departamento de Debuxo.....	9
XIX.Departamento de Electricidade.....	9

## 1. INTRODUCCIÓN

O curso 2021/22 está marcado polo contexto epidemiolóxico xerado pola COVID-19. Cómpre recuperar certa normalidade nas actividades complementarias e extraescolares eso sí coas necesarias precaucións e seguindo a normativa vixente en cada momento.

Tendo en conta todo iso, neste curso escolar priorizaranse as actividades realizadas ao aire libre evitando aglomeracións. Deben manterse o grupo de convivencia estable ou gardarse as distancias de seguridade previstas nos protocolos. Cando se realice unha actividade cumpriranse estritamente as medidas de prevención (uso obrigatorio de máscara), ventilación, aforos e o protocolo vixente no momento da actividade.

En conclusión, **as actividades complementarias e extraescolares do curso 2021-22 realizaranse sempre dependendo das indicacións determinadas pola situación epidemiolóxica e polo que as autoridades sanitarias determinen.**

## 2. OBXECTIVOS XERAIS

- Conseguir que a participación nas actividades extraescolares e complementarias se converta en algo habitual entre o alumnado, o profesorado e o sector de pais e nais.
- Desenvolver o sentido crítico construtivo do alumnado.
- Motivar ao alumnado para que participen na elaboración de actividades, tomando iniciativas e facéndoos partícipes da vida do Centro evitando unha actitude meramente pasiva e receptora e favorecendo o construtivismo.
- Colaborar, conxuntamente coa introdución no currículo dos temas transversais, na adquisición de competencias directamente relacionadas coa realidade cotiá.
- Desenvolver no alumnado a capacidade de empregar convenientemente o tempo libre e animar a súa vida social e cultural.
- Dotar aos alumnos dos medios necesarios para o desenvolvemento da personalidade.
- Fomentar a apertura do Centro á contorna e propiciar as relacións con outros Entes públicos ou privados.

## 3. CONTIDOS

Seguimos mantendo a descrición das actividades agrupándoas nos seguintes

bloques:

A.-Actividades Puntuais. Incluimos aquí as actividades que organiza o Instituto con motivo de conmemoracións ou festividades concretas en datas sinaladas. Destacan as seguintes: Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Día internacional da Muller Traballadora, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día Mundial do Ambiente.....

B.-Concursos: narrativa, poesía, cartas, debuxos e de fotografía.

C.-Actividades do centro e do propio Departamento de Actividades Extraescolares.

D.-Actividades de cada Departamento. Son as actividades específicas de cada departamento e que foron suxeridas por cada un deles.

### 3.1. Actividades Puntuais

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	DATA
Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Día internacional da Muller Traballadora, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día Mundial do Ambiente.	Actividades que organiza o centro con motivo de conmemoracións en datas sinaladas.	Días concretos do ano.
Magosto	Celebración dun magosto se a situación sanitaria o permite	Novembro
Festival Nadal	A realizar se a situación sanitaria o permite.	22 de decembro
Entroido	Desfile de disfraces polas rúas da vila, tendo como acompañamento o Folión xunto co alumnado do <i>CEIP Manuel Bermúdez Couso</i> e da Escola Infantil. A realizar se a situación sanitaria o permite	Venres, 25 de febreiro a partir das 11:00

### 3.2. Concursos

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	DATA
Samaín	Concurso de microrrelatos de terror.	Outubro
Concursos	Todos aqueles concursos convocados polo Centro, polo concello de Trives así como outras entidades e organizacións.	Sen determinar

--	--	--

### 3.3. Actividades do centro e do propio Departamento de Actividades Extraescolares.

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	DATA
<i>“O Xermán pensa en verde”</i>	Proxecto arredor do cal traballaremos dun xeito interdisciplinar co obxectivo de reflexionar e experimentar en torno á educación ambiental.	Todo o curso
Club de lectura <i>“Furgando nos libros”</i>	Traballo con todo o alumnado para fomentar o hábito e gusto pola lectura e favorecer a súa comprensión.	Todo o curso
Charlas, obradoiros.....	Actividades que se poidan programar dende o centro ou que poidan ser ofertadas dende outros organismos ou profesionais	Sen determinar
Proxecto lector <i>“Hora de ler”</i>	Elaboración dun horario para que, semanalmente, o alumnado da ESO lea na aula nunha sesión. Cada departamento está implicada unha vez por trimestre.	Todo o curso
Viaxe fin de estudos ( 4º ESO, 1º e 2º BAC)	A realizar se a situación sanitaria o permite.	2022
Viaxe 1º, 2º e 3º ESO	Saída a coordinar co resto dos departamentos relacionada co proxecto <i>O Xermán pensa en verde ou viaxe de carácter cultural en ámbito nacional. A coordinar co resto de departamento. A realizar se a situación sanitaria o permite.</i>	2022
Saída á neve	Esquí na estación de Manzaneda,ou noutra estación de esquí sempre que as condicións metereolóxicas nolo permitan. A realizar se a situación sanitaria o permite.	Sen determinar.
Revista <i>Pousafoles</i>	Elaboración da revista escolar con material heteroxéneo ( entrevistas, reseñas, humor, ciencia.... ) en colaboración co alumnado e profesorado.	Todo o curso.
Exposicións	Carteis de Nadal.	Datas propias da

	Día das Letras Galegas. Día do Libro. Día da Paz. ...	celebración
Acto graduación 2º BAC,2ºCM e 2ªCS	O alumnado organizará a súa festa de graduación con entrega de orlas, discursos, presentacións Power Point, actuacións musicais... Rematarase con pinchos na cafetería do centro e cea. Ao acto asistirán ademais de alumnado e profesorado os familiares dos graduados. <i>A realizar se a situación sanitaria o permite.</i>	Finais de curso. Data sen determinar.

### 3.4.- Actividades dos restantes Departamentos.

#### I. Biblioteca

- Realización da planificación, participación, seguimento e memoria do Plan
- lector de centro.
- Reforzar blog da biblioteca.
- Realización da planificación, participación, seguimento e memoria do club de
- lectura do alumnado e o de adultos.
- Elaboración de guías de traballo dos fondos que sexa posible.
- Elaboración de carteis e materiais que faciliten o emprego dos recursos da
- biblioteca.
- Promoción de novidades, recursos, celebracións..
- Formación de seminarios co profesorado en colaboración co CFR. Programamos dous grupos de traballo dende a biblioteca: “A radio escolar” e “ realidade virtual aumentada”. Tamén participaremos en outras actividades organizadas dende dirección sobre “Dixitalización”
- Escenificar unha historia.
- Decorar marca páxinas.
- Relacionar obras - autores:
- Acrósticos.
- Palabras encadeadas.

- Dicionario de obras e autores.
- Conto compartido.
- Contacontos, contos tradicionais.
- Talleres variados
- Formación de usuarios
- Celebración de datas
- Plan ou proxecto lector de aula
- Actividades formativas
- Plambe
- Actividades de animación a lectura e a escritura de modo lúdico, sobre todo relacionando con conmemoracións.
- Actividades propostas dende os departamentos.
- Realización da revista escolar “Pousafoles”
- Programas radiofónicos.
- Concursos de microrrelatos.
- Xermán pensa en verde.
- Obradoiros: variados..

## **II. Departamento de Lingua Castelá e literatura.**

- Participación nas diferentes actividades organizadas polo Equipo de Dinamización Lingüística e pola Biblioteca do centro.
- Asistir á representación dalgunha obra de teatro en Ourense. O Departamento estará pendente do calendario de representacións nesa cidade e máis en concreto pola adaptación que fan de clásicos da nosa literatura asociacións como Eina d'escola.
- Actividades de dinamización da linguaxe literaria (contacontos, talleres literarios, etc.)
- Posible realización de roteiros literarios de autores representativos da Literatura castelá nados en Galicia.

Estas actividades, de realizárense, poderían organizarse con outros departamentos do centro, fomentando deste xeito a interdisciplinariedade e sempre tendo en conta a idoneidade das mesmas e a adecuación aos contidos traballados durante o curso.

A evolución das restricións impostas polo COVID-19 marcará de forma prioritaria a

participación do alumnado en determinadas actividades.

### **III. Departamento de Lingua Galega e Literatura**

Ademais da participación nas actividades extraescolares que organice o centro, revista, grupo de teatro, viaxes, conmemoracións e outras semellantes, contéplase a realización de actividades do tipo:

- Asistencia a representacións teatrais, contacontos, museos, roteiros literarios, proxeccións de cine, exposicións e concertos.
- Programación de conferencias e charlas con algún escritor ou escritora.
- Asistencia e programación doutras actividades que fomenten o coñecemento e uso da lingua e da cultura galegas.
- Realización de obradoiros de poesía, escritura creativa ou de banda deseñada.
- Participación no club de lectura.

Cómpre engadir que as actividades complementarias e extraescolares do curso 2021-22 realizaranse sempre dependendo das indicacións determinadas pola situación epidemiolóxica e polo que as autoridades sanitarias determinen.

### **IV. Departamento de Inglés**

- Cada ano o departamento organiza unha excursión para asistir a unha representación dunha obra de teatro en inglés, pero este ano debido as circunstancias especiais polo Covid, non cremos que sexa posible realizala, así que o alumnado só participará nas actividades que se convoquen no centro se é posible facelo.

### **V. Departamento de Francés**

En principio este curso escolar e por culpa da pandemia da covid 19 non están previstas actividades complementarias nin extraescolares.

### **VI. Departamento de Latín, Grego e Cultura Clásica**

Seguindo na liña de outros anos, coas viaxes a Grecia, Italia e Inglaterra, en cuia organización participaou activamente o Departamento de Clásicas, se pola situación da PANDEMIA COVID este curso se POIDESE realizar unha viaxe deste dese estilo, tentariamos desde noso departamento de ver a posibilidade de que se incluisen visitas a

lugares que teñan que ver co mundo clásico.

Se ó longo do curso se presentase a oportunidade de asistir á representación dalgunha obra teatral, ou algunha saída nunha localidade próxima, coma en cursos anteriores (Visita a Aquis Querquenis, etc..), ofrecerase esta posibilidade ó alumnado que estea interesado, aínda que consideramos que este ano dariámoslle prioridade á viaxe que se organice no instituto.

## **VII. Departamento de Matemáticas**

As actividades complementarias e extraescolares tales como visitas a exposicións, museos da ciencia, observatorios astronómicos, planetarios, Instituto Nacional de Estatística, a bolsa, institutos xeográficos, etc. quedan supeditadas á organización xeral do centro e ás posibilidades reais que existan para o seu posible desenvolvemento. Estas actividades, de realizárense, organizaríanse con outros departamentos do centro, fomentando deste xeito a interdisciplinariedade.

Ademais, tentarase que o alumnado da ESO participe no “Rallye Matemático sen Fronteiras” e no “Canguro matemático”. A coordinación da participación correrá a cargo dos profesores do departamento.

## **VIII. Departamento de Tecnoloxía**

Non se prevé a realización de actividades extraescolares o presente curso

## **IX. Departamento de Música**

- O Departamento de música non contempla actividades extraescolares neste curso.

## **X. Departamento de Bioloxía**

As actividades extraescolares e complementarias permiten un enfoque global do aprendido. Para o curso 2021/2022 propóñense a seguintes actividades:

- Realización dun roteiro por trimestre polos ríos Fiscaíño, Bibeí e Cabalar. En colaboración cos departamentos de Físico-Química, Historia, E. Física.
- Visita ás Insuas do Miño (Rábade-Lugo) durante o mes de outubro.
- Saídas para recabar datos sobre os os traballos de campo programados no concello de Trives e concellos limítrofes (inspeccións dalgún dos tres ríos, estudos



de flora e fauna...)

- Limpeza do río Fiscaíño
- Charlas A Ponte (USC)\*
- Charlas con científicos/as sobre o traballo de campo con mamíferos\*
- Participación en encontros científicos: Galiciencia, IV Congreso Científico da Montaña
- Celebración do día da muller e nena na ciencia\*

\*Actividades nas que poderá participar o alumnado de 2o Bacha Departamento de Electricidad relato. A extensión do temario e o tempo reducido implica que non poidan participar no resto de actividades.

Cabe destacar que durante o curso podería xurdir a posibilidade de realización doutras actividades vinculadas a esta materia que resulten interesantes para o alumnado, podendo desenvolverse previa aprobación por parte do Consello Escolar. En calquera caso, esta programación de actividades pode verse modificada cando o departamento de actividades extraescolares faga a revisión das propostas de todos os departamentos.

## **XI. Departamento de Relixión**

- Convivencias cristiás. O obxectivo é experimentar a presenza do outro, compartindo valores humanos e cristiáns.
- Celebracións da Palabra. Expresar e compartir a fe dende un texto Bíblico.
- Asistencia a representacións teatrais sobre temas relixiosos representacións do Nadal, Coresma, etc.
- Celebracións do perdón: Advento e Coresma. Descubrir a misericordia e ou perdón de Deus para ofrecer así o noso perdón aos demais.

## **XII. Departamento de Xeografía e Historia**

- Para este curso a intención é realizar unha ruta histórica pola comarca, que permita un coñecemento básico das distintas etapas históricas no contexto mais cercano ao alumnado: prehistoria (mámoas de S. Xoan de Río), idade antiga (ponte Bibei), idade media (igreja de Sobrado), idade moderna (algún pazo) e idade contemporánea (fábrica de chocolate da Cabalar)

- Para este curso a intención é realizar unha visita a empresas dos distintos sectores económicos da comarca que permita un coñecemento básico da realidade socioeconómica no contexto mais cercano ao alumnado. (PosibDepartamento de Electricidadeilidades: A Mata, Chao do Couso, Amarelante...)

### **XIII. Departamento de Orientación**

- Xornadas de orientación académica e profesional.

### **XIV. Departamento de Educación Física**

- Actividades deportivas e recreativas en distintas conmemoracións ( Samaín, magosto, nadal, entroido...)
- Recreos activos/ ligas internas deportivas.
- Charlas deportistas de elite e/ou outros referentes do mundo deportivo.
- Saída a neve
- Patinaxe sobre xeo en Ourense.
- Ruta de sendeirismo pola comarca.
- Bautismo náutico en Castrelo de Miño
- Danza en Ourense
- Padel en Ourense

As actividades complementarias e extraescolares están abertas a modificacións durante o vindeiro curso, de xeito que se poderá engadir, modificar ou eliminar algunha en función das necesidades do departamento ou cando o xefe de departamento o considere oportuno, tendo en conta a situación epidemiolóxica en que nos atopamos.

o

### **XV. Departamento de Filosofía**

As actividades extraescolares quedan a expensas da evolución da situación sanitaria. De tódolos xeitos de ser posible levarase a cabo

- Un Obradoiro sobre a creación de novas identidades
- Un Obradoiro sobre a construción de novas masculinidades.
- O departamento de Filosofía tentará promover a participación do alumnado na Olimpíada Filosófica de Galicia.

- O Departamento está aberto a posibilidade de que se poidan organizar charlas ou conferencias que teñan vinculación cos contidos.

## **XVI. Departamento de Física e Química**

Neste curso debido á situación sanitaria e os protocolos derivados dela non se realizarán actividades complementaria fora do centro.

No caso de que a situación sanitaria mellorara, se estudaría a posibilidade de facer algunha actividade complementaria fora do centro, especialmente en coordinación con Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

## **XVII. Departamento de Economía**

- Visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encuentre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla con algún empresario da zona co obxectivo de coñecer a súas experiencias como emprendedor e o día a día dunha empresa.
  - ***Estas actividades só se realizarán se a situación sanitaria o permite, en caso contrario, se buscará algunha actividade alternativa que poida ser realizada de xeito virtual.***

## **XVIII. Departamento de Debuxo**

Non están previstas actividades complementarias e extraescolares (máis aló das inherentes ó estudio e exercicio da materia por parte do alumno na súa casa). Se se dera a posibilidade de asistir a algunha exposición de interese para a materia de DEBUXO TÉCNICO I aproveitaríase.

## **XIX. Departamento de Electricidade**

- Posibilidade de visitas a centrais, industrias ou de charlas técnicas no instituto sempre e cando a situación sanitaria o permita.